

DOSSIER DE RELATORAS/ES

+ XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA

2024



Beatriz Lema Rivera

Bea Lema é ilustradora e autora de cómic. Emprega o bordado e o tecido como soporte para trasladar as súas imaxes. O seu traballo, xeralmente de corte autobiográfico, trata temas relacionados coa loucura, o trauma, as relacións familiares, a relixión e os ritos populares.

En 2018 publicou "O Corpo de Cristo", obra que obtivo o XII Premio Castelao da Deputación da Coruña. O seu último libro "**El Cuerpo de Cristo**", está baseado na edición anterior. Foi tamén editado en Francia e será publicado en Italia en 2024. O proxecto foi bolseiro para realizar a residencia de novela gráfica na Maison deas Auteurs en 2022. E vén de gañar o Premio de Público do festival de banda deseñada de Angouleme, evento referente a nivel mundial.



Actualmente traballa na adaptación deste libro a curtametraxe de animación. O proxecto foi presentado no Festival Internacional de Cine de Animación de Annecy 2023.

Na conferencia, Bea Lema contará o seu percorrido profesional ata chegar ao mundo da banda deseñada. Falará do seu proceso creativo, de como emprega o cómic para relatar a propia vida, das fontes de inspiración e das técnicas empregadas. Por último, explicaranos como incorporou o bordado e o tecido no seu traballo.

Publicacións: El Cuerpo de Cristo, 2023. Editorial Astiberri.

Web: <https://bealema.com/>


Blog: <https://bealema.substack.com/publish>

Instagram: <https://www.instagram.com/bea.lema/>

Almudena Alonso Ferreiro

Almudena Alonso é mestra especialista en Educación infantil e licenciada en Psicopedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela; mestrado en Procesos de Formación e doutora en Deseño e Innovación na Formación pola USC.

É profesora axudante doutora no Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación da Universidade de Vigo, na Facultade de Ciencias da Educación no Campus de Ourense; docente dos Graos de Educación Infantil e Educación Primaria nas materias de tecnoloxía educativa.



As súas liñas de investigación xiran arredor de tres eixes fundamentais: a integración das tecnoloxías dixitais na educación, a competencia dixital e a formación docente. Participou en proxectos de investigación nacionais e internacionais.

No seu obradoiro falaranos das posibilidades dos escornabots nas bibliotecas escolares e no proceso de ensino-aprendizaxe.

Jorge Campos Sánchez

Jorge Campos (Ourense, 1982) é ilustrador e arquitecto, e defínese como ilustratecto.

Como ilustrador, o seu traballo céntrase no ámbito do cómic e da ilustración infantil e xuvenil. Obtivo o primeiro premio en varios certames e impartiu cursos de cómic en escolas e institucións. No 2018, a súa obra 'Alter-nativo' (Aira Editorial) obtivo o premio ao Mellor libro de banda deseñada na Gala do Libro Galego. Recentemente ven de publicar traballos a nivel nacional e en Francia.

Tamén realizou portadas e maquetacións de libros, ilustracións para web, así como deseño de logotipos, carteis, camisetas, calendarios, mapas e xogos. Actualmente, desenvolve tanto encargos coma proxectos persoais e colabora de forma puntual con varios estudos de arquitectura.

Entre os seus recoñecementos conta co primeiro premio do Certame de Cómic de Cangas en tres edicións consecutivas (2015, 2016 e 2017), co primeiro premio no concurso para ilustrar o mural do Museo da Música de Barbadás e formou parte do equipo gañador do Premio Juana de Vega de Arquitectura no ano 2011.

O seu obradoiro de Iniciación á banda deseñada está dirixido a quen toma por primeira vez contacto co medio, así como a aqueles que queiran redescubrir as bases sobre as que se asenta esta arte.

www.behance.net/ilustratecto www.twitter.com/ilustratecto
www.facebook.com/jorgecampos.ilustratecto www.instagram.com/ilustratecto



Lucas Ramada Prieto

Lucas Ramada é doutor internacional en Didáctica da Lingua e a Literatura pola Universidade Autónoma de Barcelona, especializado en ficción dixital infantil e xuvenil e a súa relación coa educación literaria.

Máis alá da investigación, tarefa que desenvolve como membro do grupo GRETEL da UAB, gran parte da súa actividade laboral dedícaa á formación docente e de mediadores de lectura. É tamén autor de **@EstoNoVaDeLibros**, a primeira canle de Instagram en castelán sobre divulgación de literatura dixital e videoxogos para nenos e nenas.

<https://linktr.ee/ramadaprieto>
<https://www.instagram.com/estonovadelibros/>

No seu obradoiro falaranos das narrativas transmedia.



Pablo Otero e Marck Ritchie

Pablo Otero iniciou a súa andaina na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Pablo é un artista visual e ilustrador que expón os seus debuxos, esculturas e pinturas en galerías de toda Galicia. Recibiu o 1º Premio de Escultura no I Salón de Arte Xove de Ourense (1992), o Premio María Casares de Escenografía (1999), unha mención especial no Premio Llibreter (2000) por "Mateo" e o Premio Isaac Díaz Pardo de Ilustración (2011) por "Contos por teléfono".

sidrocono@gmail.com



Mark Ritchie é un fotógrafo de Sydney (Australia). Estudou fotografía no Sydney Technical College entre 1981 e 1984 e mudouse a Europa en 1992. Actualmente reside en Galicia. Mark traballou nun amplo abano de xéneros que inclúen o arquitectónico, o anuncio, o estudo, o retrato e a fotografía documental e ten un extenso arquivo de fotografía de stock en negro e branco e cor. Colaborou en diferentes convocatorias do Outono fotográfico e levou a cabo numerosas exposicións fotográficas en distintos puntos da nosa xeografía.

<https://www.markritchiefotografo.com/>

Carlos Gallego Domínguez

Ilustrador e deseñador gráfico. Especialízase no ámbito infantil e xuvenil ilustrando libros de texto para diferentes cursos de Educación Primaria e Secundaria; tamén libros de narrativa como "A Memoria dos Pingüíns" (2023) e "Que Sabes da Guerra Civil e o Franquismo?" (2021). A súa obra tamén pode verse noutros proxectos de publicidade e comunicación para distintas empresas.

En docencia, ten cuberto como substituto as asignaturas de Debuxo Técnico e Informática na Escola Técnica de Xoiería do Atlántico. Levou a cabo as súas prácticas universitarias do mestrado en profesorado impartindo as asignaturas Fundamentos da Representación e a Expresión e Proxectos de Gráfica Publicitaria na escola de deseño Aula D de Vigo.

Neste obradoiro propónse a técnica do collage como método para comprender e representar o mundo que nos rodea dunha maneira creativa. Mediante distintos exercicios descubriremos diferentes estratexias para converter sencillos recortes de papel en todo tipo de elementos naturais e obxectos cotidianos.

<https://carlosgallegodominguez.com/>



María Lobo Romero

María Lobo é xornalista e educadora, e traballa no eido da comunicación como ferramenta de educación, participación e cambio social. Conta con máis de 10 anos de experiencia como educadora en proxectos para a alfabetización mediática, cidadanía, pensamento crítico e innovación educativa.



Sempre preto da produción audiovisual, tamén traballa como produtora e montadora, aínda que nos últimos anos especializouse no traballo coa linguaxe audiovisual nas aulas, como estratexia formativa para o desenvolvemento de competencias dixitais, lingüísticas, culturais e de participación cidadá.

Este “Obradoiro de creación audiovisual: booktrailers para fomentar a lectura e a creatividade”, ten como obxectivo principal o desenvolvemento das competencias comunicativas, da creatividade audiovisual, a expresividade artística e o traballo en grupo. A partir de libros ou contos breves, usaremos a linguaxe audiovisual como ferramenta para mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita, ao tempo que desenvolvemos un traballo colectivo fortalecendo dinámicas baseadas no diálogo, a colaboración e o reparto de tarefas, a argumentación e a toma de decisións. De xeito transversal, esta actividade busca fomentar a lectura entre o alumnado de Educación Primaria, dende unha perspectiva innovadora e creativa.

